



Regulamento do Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña

Aprobado no Consello de Goberno do 20/12/2023

PREÁMBULO

Dentro do estipulado polos Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados por Decreto 101/2004, do 13 de maio, da Xunta de Galicia (DOG do 26 de maio) e modificados polo Decreto 194/2007, de 11 de outubro (DOG do 17 de outubro), establécese como función da universidade ao servizo da sociedade a difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade de vida e do desenvolvemento económico. Seguindo esta importante función preséntase este regulamento actualizado que rexerá o funcionamento do Servizo de Publicacións e substituirá ao anterior, aprobado en Consello de Goberno do 31 de maio de 2005.

Tendo en conta os cambios sociais e tecnolóxicos acontecidos dende a aprobación do primeiro Regulamento do Servizo de Publicacións, faise necesaria a súa adaptación á situación actual e a elaboración dun novo regulamento que teña en conta a nova era dixital, co obxecto de poder fomentar a transmisión do coñecemento a nivel internacional a través das novas canles empregadas polas persoas usuarias e lectoras e cubrindo a demanda e intercambio de obras científicas.

Título I. NATUREZA E OBXECTIVOS

Artigo 1- Definición

O Servizo de Publicacións é a editorial da Universidade e o seu selo editorial a efectos legais e de nome comercial.

A edición, distribución, intercambio científico e comercialización das publicacións correspóndenlle a este Servizo, agás que o Consello de Goberno autorice expresamente outra cousa.



Son obxectivos do Servizo de Publicacións da UDC a edición, difusión, e distribución de libros, revistas e outras publicacións, en calquera tipo de soporte.

Artigo 2 – Funcións

As funcións fundamentais do SPU son as seguintes:

- a) Publicar e difundir obras de produción científica que contribúan ao avance do coñecemento en diversas disciplinas. Isto inclúe a publicación de libros e revistas académicas calquera que sexa o seu soporte de edición
- b) Realizar o seguimento das obras, coleccións ou liñas editoriais específicas, seleccionando os recursos axeitados, así coma a súa xestión.
- c) Coordinar o traballo de tódolos axentes implicados no proceso editorial (autores, revisores, tradutores, maquetadores, imprentas, etc.)

Título II- ESTRUTURA DO SERVIZO

Artigo 3- Órganos e estrutura

O Servizo de Publicacións está composto por:

- a dirección
- a comisión editorial académica
- o persoal de administración e servizos

Artigo 4- A Dirección do Servizo de Publicacións

1. O/a director/a será nomeado/a polo/a reitor/a.
2. Son funcións da dirección:
 - a) Convocar a Comisión Editorial Académica por orde da presidencia e, no caso de ausencia desta, presidir as súas reunións.
 - b) Planificar e coordinar a actividade editorial.
 - c) Elaborar as previsións orzamentarias e executar o orzamento de ingresos e



- gastos do Servizo.
- d) Establecer as directrices do procedemento editorial e informar á Comisión Editorial Académica.
 - e) Revisar as propostas de publicación previamente á súa valoración pola Comisión Editorial Académica.
 - f) Propoñer as características de edición de cada obra.
 - g) Supervisar tódalas fases do proceso de edición, dende a selección de propostas ata a publicación final.
 - h) Promover a difusión do Servizo e das súas publicacións.
 - i) Asesorar á Reitoría sobre a creación de publicacións institucionais e levalas a cabo.
 - j) Xestionar a política de intercambios, comercialización e distribución do fondo editorial.
 - k) Responsabilizarse do control de calidade do servizo e coordinar os procesos de avaliación interna.
 - l) Elaborar a memoria anual do Servizo .
 - m) Velar pola actualización deste Regulamento e propoñer á Comisión Editorial Académica posibles melloras.

Artigo 5. Comisión Editorial Académica

1. A Comisión Editorial Académica estará composta polos seguintes membros:
 - a) O/a vicerreitor/a responsable do servizo, que asumirá a súa presidencia
 - b) O/a director/a do servizo, que asumirá a súa secretaría
 - c) Un/ha doutor/a con contrastada cualificación investigadora en representación de cada unha das 5 ramas de coñecemento vixentes
 - d) Dúas persoas que representen aos consellos editoriais das revistas que edite a Universidade
 - e) Unha persoa que represente ao persoal administrativo do Servizo
 - f) A persoa adscrita á dirección do Servizo de Bibliotecas da UDC



- g) Unha persoa que represente ao estudiantado de 3º Ciclo
2. Os membros da Comisión Editorial Académica por representación serán elixidos e nomeados polo Consello de Goberno, renovaranse cada tres anos e serán reelixibles unha única vez.
3. Son funcións da Comisión Editorial Académica:
- a) Establecer os criterios de política editorial da Universidade.
 - b) Aprobar a creación ou supresión de coleccións, revistas e demais proxectos editoriais, agás as de carácter institucional
 - c) Revisar o cartafol dos proxectos para a súa publicación, despois de coñecer os informes que os acompañen ou que, no seu caso, se solicitaren. Informar positiva ou negativamente
 - d) Informar e propoñer os acordos de coedición con outras institucións, privadas ou públicas , é, se é o caso, a súa resolución ou denuncia”
 - e) Establecer a prelación na publicación de orixinais e aprobar o calendario que propoña a dirección
 - f) Propoñer ao Consello de Goberno a modificación deste Regulamento, a proposta da dirección do Servizo.
 - g) Colaborar no bo funcionamento do Servizo, e atender e informar os asuntos que lle solicite a dirección
 - h) Por proposta da dirección do Servizo, aprobar a normativa para a presentación e aceptación de orixinais.

Artigo 6. Reunións da Comisión Editorial Académica

1. A Comisión Editorial Académica reunirse como mínimo dúas veces por ano. Tamén se reunirá a solicitude de, cando menos, un terzo dos seus membros ou por proposta da presidencia.
2. A convocatoria, dirixida persoalmente a todas as persoas que forman parte da comisión, realizarase por escrito respectando os prazos mínimos esixidos pola



lexislación vixente, e incluíra coa orde do día unha relación dos orixinais que se sometan a avaliación, que estarán dispoñibles para a súa consulta previa.

3. A constitución da Comisión terá lugar coa participación presencial ou telemática, da presidencia e da secretaría, ou persoas en quen deleguen, e a metade ao menos das persoas da comisión.

Título IV- POLÍTICA EDITORIAL

Artigo 7

O galego será a lingua utilizada tanto en publicacións de carácter institucional como divulgativo que se destinen ao ámbito lingüístico galego, conforme o seu recoñecemento nos Estatutos como lingua propia da institución e o compromiso adquirido para a súa normalización.

O Servizo de Publicacións poñerá os medios para que o seu emprego sexa preferente normalizando o uso do galego como lingua propia da UDC, de acordo co establecido no *Regulamento de usos da lingua galega*, aprobado no Consello de Goberno do 22 de xullo de 2004.

Artigo 8

Os principios editoriais do Servizo de Publicacións son os seguintes:

- a) Adopción de políticas e prácticas que garantan unha avaliación imparcial e obxectiva do contido, evitando calquera discriminación.
- b) Dixitalización e acceso aberto, procurando a publicación en formato dixital e a dispoñibilidade de contidos académicos.
- c) Actualización en novas tecnoloxías para uso editorial, co fin de permitir unha difusión universal.
- d) Colaboración nacional e internacional con outras entidades para fortalecer a visibilidade das publicacións e fomentar o intercambio de coñecementos e a



difusión de investigacións a nivel global.

- e) Atención aos novos retos da sociedade actual a través dun enfoque multidisciplinar.
- f) Emprego de formatos que favorezan o acceso a todos os públicos, atendendo especialmente ás persoas con diversidade funcional.
- g) Redución do impacto ambiental, adoptando prácticas sostibles.
- h) Promoción da igualdade de xénero, co obxecto de evitar a fenda de xénero e os sesgos no ámbito da edición.

Artigo 9

O Servizo de Publicacións levará a cabo as seguintes edicións:

- a) Publicacións de carácter institucional ou de compromiso protocolario acordes aos intereses da Universidade .
- b) Revistas científicas.
- c) Monografías.
- d) Manuais e textos de carácter didáctico ou docente que realice o profesorado universitario.
- e) Actas de cursos, congresos, e/ou reunións científicas. A organización será responsable do cumprimento da calidade científica e editorial.
- f) Publicación de interese cultural ou de divulgación científica.
- g) Coedicións e colaboración con outros organismos.
- h) Outras coleccións, que contarán con dirección e consello editorial propio, que será o responsable da calidade dos contidos.



Artigo 10

Todas as coleccións deberán axustarse á normativa propia establecida polo Servizo de Publicacións.

As propostas de novas coleccións poderán ser formuladas pola dirección do Servizo, membros da Comisión Editorial Académica e o restante PDI da UDC.

As ditas propostas deberán ser aprobadas pola Comisión Editorial Académica.

Título V. RÉXIME XURÍDICO E ORZAMENTARIO

Artigo 11

Corresponde ao Servizo de Publicacións a tramitación do rexistro legal das publicacións da Universidade da Coruña.

Artigo 12

O Servizo de Publicacións é o órgano encargado de tramitar o recoñecemento dos dereitos de propiedade intelectual así como a xestión e explotación dos mesmos propoñendo a realización de actos e negocios xurídicos para o desenvolvemento da actividade editorial da Universidade.

Os contratos/convenios deberán ser asinados polo Reitor/a ou persoa en quen delegue.

Artigo 13

Os recursos económicos que permitan levar a cabo e potenciar ó máximo as funcións do Servizo estarán recollidos no orzamento anual da Universidade da Coruña. A dirección do Servizo deberá procurar, en virtude dos recursos económicos que dispoña, adecuar nos termos que sexan máis beneficiosos para a Universidade, a relación custo/calidade en cantos traballos editoriais encomende, co fin de que estes teñan a calidade e recoñecemento que a imaxe da Universidade da Coruña require.



Artigo 14

Os rendementos derivados da comercialización de produtos editoriais propios, ou calquera outros procedentes da súa actividade, incorporaranse aos orzamentos da Universidade da Coruña, para contribuír no autofinanciamento do Servizo.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Este regulamento derroga o anterior Regulamento do Servizo de Publicacións da UDC aprobado polo Consello de Goberno do 31/05/2005, así como todas aquelas normas que contradigan o disposto na presente norma.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Este Regulamento entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no taboleiro electrónico oficial da UDC.